ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
PU08007

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornadas Democracia e relixión

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Outros

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	**PLAN:**	F. FINALISTAS	**HORAS:**	10
ADMINISTRACIÓN:	CIDADANÍA	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2008
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	DIVULGACIÓN	**EDICIÓNS:**	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Baixo o rótulo de Democracia e relixión, este programa afronta un dos maiores, e máis constantes, problemas das sociedades, e que é o que se deriva da existencia histórica de dúas concepcións do mundo en torno á organización do goberno da Comunidade Política, e que pugnan por conseguir o poder nesta. A concepción democrática afirmará que ao ser a Comunidade unha obra terreal e temporal debida aos homes, o seu goberno ha de corresponder a unha autoridade tamén temporal e terreal, e, en consecuencia, elevará ao Pobo á condición de único suxeito lexitimado para decidir os modos e as formas en que a Comunidade Política democrática ha de ser gobernada no futuro. Pola súa parte, a concepción relixiosa do mundo, fundamentada na natureza sacra da vida pública e partindo da negación da capacidade do home para decidir libremente sobre un destino que foi marcado pola divindade, reivindicará para as súas respectivas xerarquías o poder absoluto na Comunidade Política, e non só no que se refire á vida espiritual dos homes, senón tamén respecto das cuestións temporais e terreais. Esta situación xerará un enfrontamento político e existencial que, non afectando para nada á liberdade de conciencia e de culto individual, se concretará nunha loita polo poder entre as autoridades democráticas do Estado, que han de lexislar para todos os seus cidadáns con independencia das súas crenzas relixiosas, e as diversas organizacións relixiosas, desexosas de impoñer os seus credos privativos a todos. O reto do Estado, dende o mesmo momento do seu nacemento ata os nosos días, e moito máis cando este é democrático, consistirá en superar este conflito mediante unha organización xurídica e política da sociedade na que, respectando as crenzas individuais e privadas de todos, o seu goberno responda á vontade, terreal e temporal, dos seus cidadáns. Ao estudo desta problemática está destinado este curso, no que diversos especialistas encadrarán as relacións entre Democracia e relixión no contexto da Constitución española de 1978.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da administración pública e interesados en xeral.

PROGRAMA

- A laicidade na Constitución Española
- O tratamento xurídico-político do factor relixioso na España actual: os acordos Igrexa-Estado
- O financiamento da Igrexa Católica e as demais relixións
- Formación cívica e fe católica; a educación para a cidadanía
- Evolución do concepto de familia; novas formas de matrimonio e adopción
- Nacemento e morte: lei e moral ante o aborto e a eutanasia

CRITERIOS DE SELECCIÓN
Aforo do local

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO		
LOCALIDADE: Santiago de Compostela		**INICIO / FIN:** 09/04/2008 a 10/04/2008
NUM. PRAZAS: 200	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:**

DOCENTES NOMEADOS
JAVIER RUIPÉREZ ALAMILLO
GUSTAVO SUAREZ PERTIERRA
JOSÉ ISMAEL VELO PENSADO
DANIEL PLA TORMO
JUAN RAMÓN FERREIRO GALGUERA
JOSÉ LUIS BARREIRO RIVAS
JOSÉ PEREZ IRUELA
DIONISIO LLAMAZARES FERNÁNDEZ
BEGOÑA ALDÁMIZ-ECHEVARRÍA IRAÚRGUI
JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO
ENRIQUE MARÍA ORTS BERENGUER
FRANCISCO DE PAULA BLASCO GASCÓ
ANDRÉS TORRES QUEIRUGA
FERNANDO GIMENEZ BARRIOCANAL
ALEJANDRO TORRES GUTIERREZ
ABRAHAM BARREIRO ORTEGA